

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vistas as **BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DEBUXO "PONTEAREAS CON OLLOS DE NENOS E NENAS"**, asinadas pola Concelleira de Ensino, Participación Cidadá e Rexime Interior, co seguinte literal:

**BASES "CONCURSO DE DEBUXO: PONTEAREAS CON OLLOS DE NENAS E NENOS"**

### 1.OBXECTO:

A Concellería de Ensino, Participación Cidadá e Réxime Interior do Concello de Ponteareas, convoca o "Concurso de Debuxo: Ponteareas con Ollos de Nenas e Nenos". Este concurso pretende pór en valor ante a comunidade educativa, e máis concretamente ante o alumnado de Primaria e Secundaria, o contorno natural, paisaxístico e Patrimonial do Concello de Ponteareas.

### 2.TEMÁTICA:

O tema dos debuxos deberá estar relacionado co Patrimonio Municipal, a súa natureza e paisaxe así como aqueles recunchos do Concello que o alumnado ten máis próximos e propón recuperar para o seu uso e disfrute.

Estes poderán ir acompañados dunha frase do autor ou autora en galego (non debe exceder as vinte palabras) que exprese a súa visión ou opinión sobre o que represente a súa creación.

### 3.PARTICIPANTES:

Alumnado de Primaria e Secundaria dos centros educativos do Concello de Ponteareas. Se establecerán as seguintes categorías:

-Categoría de Primaria: alumnado escolarizado nos cursos de 3º e 4º.

-Categoría de Secundaria: alumnos de 1º e 2º da ESO.

### 4.MODO, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Os debuxos/pinturas deberán realizarse nun soporte concreto de tamaño A4 a unha soa cara. A técnica do debuxo será libre.

Cada alumna/o poderá participar cun único debuxo, e éste non puido presentarse noutros concursos.

Os traballos poderanse entregar dende o día 15 ate o 31 de marzo nas secretarías dos centros escolares onde o alumnado participante cursa os seus estudos. Persoal da Concellería de Ensino pasará polos colexios e Institutos a recoller os traballos posteriormente.

As obras presentaranse nun sobre, ou noutro envoltorio, pechado no que non conste ningunha identificación sobre a autoría do traballo. No anverso figurará “Concurso de Debuxo: Ponteareas con ollos de Nenas e Nenos” e, no reverso, irá o seudónimo. Dentro deste sobre, ou envoltorio, irá o seguinte:

1.O Debuxo. No reverso aparecerá un título.

2.Un sobre pequeno, en cuxo exterior irá o seudónimo e o centro escolar onde permanece matriculado e, no interior, figurarán os datos de autoría: nome, apelidos, número do DNI ou pasaporte, enderezo de contacto e teléfono. Ademais, fotocopia do DNI, en caso de telo. Por ser menores de idade, deberán presentar, dentro de dito sobre, a autorización do pai/ nai/ titor legal así como a copia do DNI ou pasaporte da persoa que autoriza a participación, aceptando as bases do Concurso (Anexo I).

## 5.PREMIOS:

Se outorgarán tres premios por categoría, consistentes en:

-1º Premio: Curso Intensivo de Pintura.

-2º Premio: vale de compra por valor de 100€ en material de debuxo nun establecemento comercial de Ponteareas.

-3º Premio: vale de compra por valor de 50€ material escolar nun establecemento comercial de Ponteareas.

Os debuxos participantes no Concurso poderán ser incluídos nas Axendas Escolares que o Concello de Ponteareas repartirá entre o alumnado dos Centros Educativos de Ponteareas a comezos do vindeiro curso escolar 2018/19, en setembro.

## 6.XURADO:

O xurado estará composto por profesionais da publicidade, deseño, arte e cultura, encargados de elixir os tres traballos gañadores, clasificándoos como primeiro, segundo e terceiro premio en cada categoría.

Os resultados publicaranse na páxina web do Concello, antes do día 10 de maio, comunicándosele aos gañadores.

A entrega dos premios terá lugar nun acto organizado polo Concello de Ponteareas, comunicándosele directamente aos participantes e gañadores o lugar e a hora de tal acto.

#### 7.DEREITOS SOBRE AS OBRAS E PROTECCIÓN DE DATOS:

A participación no concurso implica que todos os traballos dos concursantes pasarán a formar parte do arquivo do Concello de Ponteareas e cesión de forma gratuíta ao Concello dos dereitos de explotación destes: reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre as obras presentadas previstos na lexislación sobre Propiedade Intelectual, todo isto sen ánimo de lucro, e pola duración máxima permitida pola citada lexislación de Propiedade Intelectual.

Os/as concursantes responsabilízanse totalmente de que non existan dereitos a terceiros nas obras presentadas, nin reclamación algunha por dereitos de imaxe.

De conformidade co artigo 5 da Lei Orgánica 15/99 de 13 de decembro, infórmase que os datos persoais obtidos para a participación no concurso se incorporarán a un ficheiro responsabilidade do Concello que ten por finalidade a xestión do presente concurso de debuxo."

Vistos os informes do interventor municipal e do asesor xuridico obrantes no expediente e en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente,

#### RESOLVO:

1º) Aprobar as **BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DEBUXO "PONTEAREAS CON OLLOS DE NENOS E NENAS"**, tal e como figuran redactadas, e a súa convocatoria

2º) Autorizar o gasto, de acordo cos documentos asinados polo interventor municipal, pola cantidade de 541,90 €

3º) Aprobar, ante a necesidade de cualificar os traballos presentados, a composición do xurado do seguinte xeito:

Presidente/a: unha persoa do Departamento de Ensino

Secretario/a: un/unha Traballador/a do Concello de Ponteareas.

Catro profesionais da publicidade, deseño, arte ou cultura

4º) Publicar as bases no Taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do Concello.

5º) O prazo de admisión de solicitudes será o comprendido entre o 15 e o 31 de marzo.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, don Xosé Represas Giráldez, en Ponteareas.

Documento asinado electrónicamente.